

CONCURSO DE TRASLADOS MÉDICO DE FAMILIA E FEAP

CCOO na Mesa Sectorial do 03.06.2025 fai unha **emenda á totalidade ás prazas de FEAP** que se ofertan no borrador do concurso de traslados por considerar CCOO que:

1. **NON foron informadas as Comisións de Centro das áreas sanitarias da súa transformación de praza de MF en praza FEAP**, a razón de 10 en A Coruña, 17 en Lugo, 14 en Ourense e 10 en Santiago sen información.
2. **NON foron ofertadas á lista de contratacións de médico de familia**, polo tanto non poden ser consideradas de difícil cobertura.

CCOO na Mesa Sectorial do 10.06.2025 esíxelle ó SERGAS:

- **Que se revisen todas as solicitudes en concurso de traslados de MF**, e se hai unha soa solicitude a un destino que se oferte a FEAP e non a MF, se faga a oferta en MF. Non pode quedar un só MF sen trasladarse porque transformaran a praza que solicitou en FEAP, impedíndolle o seu traslado.
- Se hai prazas de FEAP que nunca se puideron solicitar porque non saían ca quenda que se oferta agora, **que se fagan visibles** no período de ventá como praza de MF para que poidan ser solicitadas.
- **Que desde Servizos Centrais non autoricen unha soa praza de transformación de MF en FEAP se antes non comproban que se ofertou á lista de contratacións a MF e quedou deserta.**

Se tes algunha dúbida ou consulta, acode a túa sección
sindical de CCOO